

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS**

RESOLUCIÓN do 13 de outubro de 2025 pola que se modifica a Resolución do 10 de xaneiro de 2025 pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a comercialización e difusión de proxectos e obras audiovisuais e videoxogos en foros de negocio especializados e eventos de cine, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento CT404D).

O 5 de febreiro de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 24 a Resolución do 10 de xaneiro de 2025 pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para a comercialización e difusión de proxectos e obras audiovisuais e videoxogos en foros de negocio especializados e eventos de cine, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento CT404D).

A Resolución do 10 de xaneiro de 2025 establece un crédito para o financiamento desta convocatoria de 70.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 13.A1.432B.470.0, no código de proxecto 2015-00003, do orzamento de gasto da Axencia Galega das Industrias Culturais. O punto 2 do artigo 3 das bases reguladoras posibilita que os importes previstos poidan ser incrementados ao longo do exercicio orzamentario, nos supostos establecidos no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia, e tras a declaración previa de dispoñibilidade de crédito, logo da modificación orzamentaria que proceda. Este artigo indica, ademais, que a dita ampliación se ten que publicar nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura dun prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver, e o importe do crédito da ampliación será distribuído segundo o criterio do órgano concedente.

A xestión dinámica do orzamento da Axencia Galega das Industrias Culturais para 2025 permite destinar un maior crédito a esta liña de axudas, que é considerada estratéxica para o sector audiovisual galego.

Este maior crédito posibilitará a ampliación do número de proxectos beneficiarios desta convocatoria, en particular os que se presenten á categoría A, que é a modalidade con máis demanda por parte do sector.

Polo exposto, propónse a modificación do crédito total destinado á convocatoria da liña de axudas, así como unha nova redistribución das anualidades, reflectida no cadro de financiamento.

CVE-DOG: hJ0mtvy4-sf60-dzg6-kcf2-gzefv2hrvq8



Así pois, de acordo co exposto e co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións, e en virtude das atribucións que me foron concedidas,

RESOLVO:

Primeiro. Modificar o artigo 3 da convocatoria, que resulta redactado como segue:

«Artigo 3. *Financiamento, contías máximas e intensidade das axudas*

Estas subvencións financiaranse con cargo aos créditos orzamentarios da Axencia Galega das Industrias Culturais asignados para esta finalidade no orzamento 2025 do ente a través da aplicación orzamentaria 13.A1.432B.470.0, código de proxecto 2015-00003, por importe de 80.000 euros».

Segundo. Modificar o punto 1 do artigo 3 das bases reguladoras, que queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Financiamento*

Os créditos dispoñibles para o financiamento desta convocatoria ascenden a 80.000 €, que se imputarán aos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para 2025, na aplicación 13.A1.432B.470.0, código de proxecto 2015-00003, destinándose 34.000 euros para a modalidade A e 46.000 euros para a modalidade B».

Disposición adicional única

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o presidente do Consello Reitor, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2025

José López Campos
Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega
das Industrias Culturais

CVE-DOG: hjo0mtvy4-sf60-dzg6-kcf2-gzefv2hrvq8

